

As múltiples olladas e un só autor, a clave de 'itinerarios'

LITERATURA ▶ O Casino de Santiago acolleu o acto de presentación da escolma de poemas de Eduardo Estévez

REDACCIÓN • SANTIAGO

"Eu díxenlles que era un pequeno traballo, aínda que sabía que non o era, e responderon moi ben". Así se refería onte Eduardo Estévez á colaboración que recibiu de oito escritores e escritoras que o axudaron a seleccionar os textos que compoñen *itinerarios*, unha escolma dos seus poemas que é o título número catorce da colección 'Poeta en Compostela'.

O título fai referencia ó contido da obra: os textos pódense ler todos seguidos na orde de publicación ou lelos de acordo coa orde que lle asignou cada un destes autores e autoras, seguindo o seu itinerario particular.

A presentación do volume desenvolveuse onte á tarde no Casino de Santiago e nela o concelleiro compostelán de Cultura, Néstor Rego, cualificou de "fermoso proxecto" a colección, promovida polo seu departamento e polo Grupo Correo Gallego, en colaboración coa Asociación de Escritores en Lingua Galega.

A representante da AELG, Antía Otero, e unha das proloquistas do libro, subliñou que a iniciativa supón que "os poetas composteláns saen á rúa", mentres a outra proloquista, Marta Dacosta, afirmou que *itinerarios* é "un libro moi particular" debido a que "aglutina a visión



Marta Dacosta, esquerda, Néstor Rego, Eduardo Estévez e Antía Otero durante a presentación

! DIFUSIÓN

A colección segue para o vindeiro ano

▶ A colección 'Poeta en Compostela' terá continuidade no 2006, tal como anunciou na presentación o concelleiro Néstor Rego. O próximo volume será unha reedición de *Delicia*, de Yolanda Castaño, publicado orixinalmente por Espiral Maior ■

de moitas persoas, mesmo a do autor".

Dacosta lembrou que á hora de escoller os textos, o que parecía "un pequeno traballíño", houbo que elixir "entre moitos" e resultou difícil quedar só cuns poucos ó final do proceso.

Ademais de Eduardo Estévez e das proloquistas, durante o acto leron poemas varias das persoas que axudaron a compoñer a selección: María do Cebreiro, Rafa Villar, Estevo Creus e Baldo Ramos, faltando nada máis por

recitar Celso Fernández Sanmartín e María Lado, aínda que ela si asistiu ó comezo do acto.

En *itinerarios* podemos atopar fragmentos de volumes como *Só paxaros saíron desta boca*, *Os veos da paisaxe*, *Lúa gris* ou *Postais*, así como textos publicados orixinalmente en Internet e mais en obras colectivas. Eduardo Estévez ten a súa propia web en www.luagris.net e mantén ademais un blog que se pode visitar no enderezo <http://oollodavaca.blogspot.com>.